



A ECONOMÍA GALEGA EN 2021

1

María Bastida Domínguez

Profesora contratada doutora no Departamento de Organización de Empresas e Comercialización da Universidade de Santiago de Compostela

Santiago Lago Peñas

Catedrático de Economía Aplicada e director do grupo de investigación GEN da Universidade e Vigo

Alberto Vaquero García

Profesor titular de Economía Aplicada e membro do grupo de investigación GEN da Universidade e Vigo

Índice

Capítulo 1. A ECONOMÍA GALEGA EN 2021	3
1.1. Contorna internacional e estatal.....	3
1.1.1. Contorna internacional	3
1.1.2. Contorna estatal.....	4
1.2. Crecemento económico galego.....	10
1.2.1. A perspectiva da demanda.....	10
1.2.2. A perspectiva da oferta	11
1.2.3. O PIB das provincias galegas	12
1.2.4. A cifras de explotacións gandeiras de vacún de orientación leiteira.....	13
1.3. Variacións do PIB e do emprego: a produtividade.....	16
1.3.1. Balance do mercado de traballo	16
1.3.2. Produtividade do traballo e competitividade empresarial	20
1.4. Benestar económico-social: taxas de pobreza; alta desigualdade	21
1.4.1. Dificultades económicas dos fogares	21
1.4.2. Ingresos medios por persoa e por fogar	22
1.4.3. A poboación en risco de pobreza	23
1.4.4. Distribución da renda	25
1.5. Participación dos salarios no VEB. Custos laborais e salariais	26
1.5.1. Peso das remuneracións salariais no PIB de Galicia, España e a UE	26
1.5.2. Custos laborais. Xornada laboral.....	27
1.5.3. O salario mínimo interprofesional (SMI).....	30
1.6. A variación do IPC.....	31
1.7. Comercio exterior.....	33
1.7.1. Comercio internacional galego	34
1.7.2. Comercio galego con outras comunidades autónomas.....	35

Capítulo 1. A ECONOMÍA GALEGA EN 2021

1.1. Contorna internacional e estatal

1.1.1. Contorna internacional

Este capítulo ten como obxectivo analizar a situación da economía galega no ano 2021, dende unha perspectiva estatal e internacional. En 2021, e tras superar os graves efectos económicos da pandemia en 2020, a economía comeza a recuperarse.

No cadro 1.1 figuran os índices de variación do PIB, os prezos e as taxas de desemprego en China, EE UU, Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE), Unión Europea (UE) e Unión Económica e Monetaria (UEM) no período 2013-2021. No caso da UE achéganse os datos dos cinco Estados con un meirande PIB: Alemaña, Reino Unido, Francia, Italia e España.

Despois do forte retroceso do PIB no ano 2020 tanto na OCDE (-4,8 %) coma na UE (-6,3%), en 2021 o comportamento foi o inverso, cun crecemento do 5,5% e 5,3%, respectivamente. España rexistrou un aumento do PIB en 2021 do 5,1%, por baixo do experimentado en Reino Unido (7,4%), Francia (7,0%) ou Italia (6,6%) e mesmo da cifra de EEUU (5,7%).

As taxas de desemprego pasaron do 7,1% en 2020 ao 6,2% en 2021 na OCDE e do 7,2% ao 7,0% na UE. En España o descenso foi do 15,6% ao 14,8%.

No que atinxe á variación porcentual de índice de prezos ao consumo (IPC), cabe salientar:

- O importante aumento do IPC (4,1% en 2021) para o conxunto da OCDE e para a UE (2,9%). Estes datos contrastan cos de 2020 (1,4% e 0,7%, respectivamente)
- O elevado incremento do IPC en España en 2021 (3,0%), que contrasta coa redución en 2020 (-0,3%).

Cadro 1.1

Economía internacional: % de variación do PIB, IPC e taxa de paro. 2013-2021

Período	OCDE	Unión Europea						Reino Unido	EEUU	China
		Total UE ⁽³⁾	UEM	España	Alemaña	Francia	Italia			
PIB ⁽¹⁾										
2013	1,6		-0,2	-1,4	0,5	0,6	-1,9	2,1	1,8	7,8
2014	2,2		1,4	1,4	2,2	1,0	0,1	2,6	2,5	7,3
2015	2,5		2,0	3,8	1,5	1,0	0,7	2,4	2,9	7,0
2016	1,8		1,9	3,0	2,1	1,0	1,4	1,9	1,6	6,9
2017	2,7	2,8	2,7	2,9	2,8	2,4	1,7	1,9	2,4	6,9
2018	2,3	2,1	1,9	2,4	1,6	1,8	0,7	1,3	2,9	6,8
2019	1,6	1,6	1,3	1,9	0,6	1,9	0,3	1,4	2,2	6,0
2020	-4,8	-6,3	-6,7	-10,8	-5,1	-8,0	-8,9	-10,6	-3,5	2,0
2021	5,5	5,3	5,4	5,1	2,9	7	6,6	7,4	5,7	.
Taxa de desempleo										
2013	7,9		12,0	26,1	5,2	10,3	12,1	7,6	7,4	4,0
2014	7,4		11,6	24,5	5,0	10,3	12,6	6,2	6,2	3,6
2015	6,8		10,9	22,1	4,6	10,4	11,9	5,3	5,3	3,4
2016	6,5	9,1	10,0	19,6	4,2	10,0	11,7	4,8	4,9	3,1
2017	5,9	8,2	9,1	17,2	3,8	9,4	11,3	4,3	4,3	2,8
2018	5,5	7,3	8,2	15,3	3,4	9,0	10,6	4,0	3,9	2,4
2019	5,4	6,7	7,6	14,1	3,1	8,5	10,0	3,8	3,7	
2020	7,1	7,2	8,0	15,6	4,2	8,1	9,3	4,5	8,1	
2021	6,2	7	7,7	14,8	3,6	7,9	9,5	4,5	5,4	.
IPC ⁽²⁾										
2013	1,6		1,4	1,5	1,6	1,0	1,3	2,6	1,5	2,6
2014	1,8		0,5	-0,1	0,9	0,7	0,3	1,6	1,7	2,0
2015	0,7		0,2	-0,7	0,7	0,1	0,1	0,1	0,1	1,4
2016	1,1	0,1	0,1	-0,5	0,2	0,2	-0,1	0,5	1,1	1,9
2017	2,2	1,5	1,4	2,0	1,6	1,1	1,2	2,4	2,1	1,7
2018	2,5	1,7	1,6	1,7	1,8	1,9	1,1	2,7	2,4	2,0
2019	2,1	1,4	1,2	0,8	1,4	1,3	0,6	1,8	1,8	2,9
2020	1,4	0,7	0,3	-0,3	0,4	0,5	-0,1	0,9	1,2	2,4
2021	4,1	2,9	2,6	3	3,2	2,1	1,9	2,6	5,4	0,9

(1) En porcentaxe de variación interanual, a prezos constantes.

(2) Índices harmonizados de prezos de consumo nos Estados da UE.

(3) Non inclúe Reino Unido.

Fonte: BCE, OCDE.

1.1.2. Contorna estatal

Os datos para 2021 da Contabilidade nacional para España do Instituto Nacional de Estatística (INE), e as estimacións que fai o Instituto Galego de Estatística (IGE) que figuran no cadro 1.2 amosan que Galicia (5,2%) rexistrou un aumento lixeiramente superior do PIB ao experimentado a nivel nacional (5,1%), despois de caer en 2020 (-8,9% e -10,8%, respectivamente).

Cadro 1.2

Porcentaxes de variación anual do PIB real. Galicia e España. 2007-2021

	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019(P)	2020 (A)	2021 (A)
Galicia	4,7	1,1	-4,1	0,5	-2,3	-3,1	-0,8	1,2	2,8	3,4	2,0	3,0	1,1	-8,9	5,2
España	3,6	0,9	-3,8	0,2	-0,8	-3,0	-1,4	1,4	3,8	3,0	3,0	2,3	2,1	-10,8	5,1

A: Estimación Avance.

P: Estimación Provisional.

Fonte: INE e IGE.

O cadro 1.3 recolle as taxas de crecemento do PIB por CC.AA. para 2020 (último ano publicado) da Contabilidade rexional de España. Galicia reflicte un descenso (-9,15%) menor ao experimentado a nivel nacional (-10,82%). As CC.AA. que sofren un descenso maior foron Baleares (-21,7%) e Canarias (-18,07%) por mor da redución da actividade turística, mentres que Castela e León (-7,89%) e Extremadura (-7,41%) son as dúas CC.AA. que experimentan un menor descenso.

Cadro 1.3

**Taxa de crecemento⁽¹⁾ do PIB.
Por CC.AA. 2020**

	2020
Andalucía	-10,01
Aragón	-8,54
Asturias	-10,25
Baleares	-21,70
Canarias	-18,07
Cantabria	-9,76
Castela-A Mancha	-8,66
Castela e León	-7,89
Cataluña	-11,54
C. Valenciana	-10,12
Extremadura	-7,41
Galicia	-9,15
Madrid	-10,96
Murcia	-8,25
Navarra	-8,64
País Vasco	-10,85
A Ríoxa	-9,47
Ceuta	-9,10
Melilla	-9,06
España	-10,82

2020 (Avance) / 2019 (Provisional)

(1) En termos de volume.

Fonte: INE, Contabilidade rexional de España.

O cadro 1.4 recolle os datos do PIB por habitante en todas as CC.AA:

- O PIB per cápita foi en Galicia de 21.903 euros (1.970 euros menos que en 2019), por baixo da media estatal (23.693 euros), que recolle unha redución de 2.733 euros respecto a 2019. Nove CC.AA. superaron a Galicia neste indicador económico, mentres que sete quedaron por baixo (máis as dúas cidades autónomas). A clasificación de Galicia en 2020 non mudou respecto a 2019.
- Madrid (32.048 euros), País Vasco (30.401 euros), Navarra (29.314 euros) e Cataluña (27.812 euros) foron, igual que nos últimos anos, as comunidades con maior PIB por habitante.

- Extremadura (18.301 euros), Andalucía (17.747 euros) e Canarias (17.448) foron as CC.AA. cun PIB por habitante máis baixo. Nesta lista tamén hai que incluír a cidade autónoma de Melilla, con 17.200 euros.

Cadro 1.4

PIB por habitante en euros.
Por CC.AA. 2020

	2020(A)
Madrid	32.048
País Vasco	30.401
Navarra	29.314
Cataluña	27.812
Aragón	26.512
A Ríoxa	25.714
España	23.693
Castela e León	23.167
Cantabria	22.096
Baleares	22.048
Galicia	21.903
Asturias	21.149
C. Valenciana	20.792
Murcia	19.838
Ceuta	19.559
Castela-A Mancha	19.369
Extremadura	18.301
Melilla	17.900
Andalucía	17.747
Canarias	17.448

(A) Avance.

Fonte: INE, Contabilidade rexional de España.

A posición relativa en PIB per cápita de cada comunidade e cidade autónoma, recollida no cadro 1.5, reflicte que no ano 2020:

- Galicia quedou un 7,55% por baixo da media estatal.
- No nivel superior, Madrid superou nun 35,26% á media española e o País Vasco, nun 28,31%.
- As máis afastadas da media estatal son Extremadura (-22,76%), Melilla (-24,45%), Andalucía (-25,10%) e Canarias (-26,36%).

Cadro 1.5

**Relación do PIB per cápita das CC.AA.
respecto do estatal. 2019-2020**

	2019(P)	2020(A)
Madrid	36,46	35,26
País Vasco	28,47	28,31
Navarra	21,25	23,72
Cataluña	18,14	17,38
Aragón	8,87	11,90
A Ríoxa	6,48	8,53
Castela e León	-5,70	-2,22
Cantabria	-7,82	-6,74
Baleares	7,97	-6,94
Galicia	-9,75	-7,55
Asturias	-12,03	-10,74
C. Valenciana	-12,62	-12,24
Murcia	-18,25	-16,27
Ceuta	-20,66	-17,45
Castela-A Mancha	-21,11	-18,25
Extremadura	-26,93	-22,76
Melilla	-27,23	-24,45
Andalucía	-26,07	-25,10
Canarias	-19,04	-26,36

(A) Avance; (P) Provisional.

Fonte: INE. Contabilidade rexional de España.

A perspectiva estática do cadro 1.5 complétase coa do cadro 1.6a, que recolle a evolución comparativa do PIB por habitante en Galicia e España no período 2008-2020, e coa do cadro 1.6b que recolle para 2020 a situación relativa de todas as CC.AA. Compróbase que:

- O PIB per cápita de Galicia no 2020 foi de 21.903 euros.
- En termos relativos, a pandemia mellorou a converxencia do PIB de Galicia coa media estatal: 92,4% fronte a 90,3% en 2019.

Cadro 1.6a

PIB por habitante (en euros). Galicia e España. 2008-2020⁽¹⁾

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
Galicia	21.145	20.333	20.481	20.121	19.514	19.586	19.782	20.794	21.482	22.411	23.183	23.842	21.903
% Galicia/España	87,6	88,2	88,9	88,4	88,5	89,4	89,0	89,6	89,6	89,8	90,1	90,3	92,4

(1) Datos definitivos ata 2018, provisionais en 2019 e avance en 2020.

Fonte: INE, Contabilidade rexional de España.

Cadro 1.6b

**PIB por habitante (en euros).
CC.AA. sobre España. 2020**

	2020(A)
Madrid	135,3
País Vasco	128,3
Navarra	123,7
Cataluña	117,4
Aragón	111,9
A Ríoxa	108,5
España	100,0
Castela e León	97,8
Cantabria	93,3
Baleares	93,1
Galicia	92,4
Asturias	89,3
C. Valenciana	87,8
Murcia	83,7
Ceuta	82,6
Castela-A Mancha	81,7
Extremadura	77,2
Melilla	75,5
Andalucía	74,9
Canarias	73,64

(A) Avance.

Fonte: INE, Contabilidade rexional de España.

A dinámica do PIB por habitante en Galicia en comparación coa media da UE é un indicador que permite reflectir o proceso de converxencia (ou de diverxencia) dos dous ámbitos territoriais. Ao fío da información fornecida no cadro 1.7, Galicia avanzou ininterrompidamente dende 2005 a 2009. Porén, o proceso de converxencia dese cuatrienio freou de súpeto coa Gran Recesión, e entre 2010 a 2013 ampliouse a diverxencia. A partir de 2015 a situación mellora, ata situarse en 2019 no 82% do PIB da UE, pero en 2020, como consecuencia da pandemia, a porcentaxe caeu ata o 78,0%, polo tanto para o último dispoñible, aumentou a diverxencia entre Galicia e a media da UE.

Cadro 1.7

Evolución do PIB por habitante⁽¹⁾. Galicia/ UE 2005-2020

	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020
%PIB Galicia/UE	83,3	86,6	88,1	88,1	87,8	86,0	82,0	81,0	81,0	81,0	82,0	82,0	83,0	82,0	82,0	78,0

(1) En paridade de poder adquisitivo. Media do PIB por habitante da UE27=100

Fonte: Eurostat.

O cadro 1.8 reflicte que:

- España avanzou no bienio 2006-2007 en porcentaxe do PIB por habitante respecto da media da UE, pero de 2008 a 2013 ampliouse cada ano a

diverxencia entre ambos os valores. A partir de 2014 rexístrase certa mellora, pero en ningún caso supera o 93% respecto ao PIB da UE.

- Os anos 2006 (cun 102,8%) e 2013 (cun 90,0%) marcan os niveis máximo e mínimo, respectivamente, da posición relativa de España na UE en PIB per cápita.
- En 2019 o indicador foi do 91,0%, un resultado idéntico ao obtido en 2018 e lixeiramente inferior (93%) ao resultado obtido en 2017.
- En 2020 e novamente polo efecto da pandemia, o indicador foi do 84,0%

Cadro 1.8

**Evolución do PIB por habitante⁽¹⁾.
Galicia/ UE 2005-2020**

	%PIB España/UE
2005	100,4
2006	102,8
2007	102,3
2008	100,8
2009	99,6
2010	96,0
2011	93,0
2012	91,0
2013	90,0
2014	91,0
2015	91,0
2016	92,0
2017	93,0
2018	91,0
2019	91,0
2020	84,0

(1) En paridade de poder adquisitivo. Media do PIB por habitante da UE27=100

Fonte: Eurostat.

Case todas as CC.AA. experimentaron un retroceso na súa converxencia coa UE entre 2012 e 2020. O cadro 1.9 recolle a variación en 2020 do PIB por persoa por CC.AA. A partir dos datos presentados, pódese salientar que:

- Galicia ocupa o décimo posto (78%).
- Só tres CC.AA. superaron en 2020 a media da UE-27 en renda por habitante: Madrid (114%), País Vasco (108%) e Navarra (104%).
- As tres CC.AA. con maior distancia en 2020 respecto da media da UE-27 en PIB por habitante foron: Estremadura (65%), Andalucía (63%) e Canarias (62%).

Cadro 1.9**Converxencia coa UE⁽¹⁾. Por CC.AA. 2020. 2012-2020**

	% variación 2012-2020	% sobre PIB da UE en 2020
Madrid	-11	114
País Vasco	-10	108
Navarra	-8	104
Cataluña	-7	99
Aragón	-4	94
A Ríoxa	-6	92
España	-7	84
Castela e León	-3	83
Baleares	-18	79
Cantabria	-6	79
Galicia	-3	78
Asturias	-8	75
C. Valenciana	-5	74
Murcia	-4	71
Castela-A Mancha	-4	69
Estremadura	1	65
Andalucía	-5	63
Canarias	-15	62

(1) En porcentaxe sobre a media do PIB por habitante da UE=100. En paridade de poder adquisitivo.

Fonte: Eurostat.

1.2. Crecemento económico galego

Este epígrafe afonda no estudo do PIB de Galicia entre 2013-2021. En concreto, faise a análise dende as perspectivas da demanda e máis da oferta, desagregando as compoñentes internas.

1.2.1. A perspectiva da demanda

A perspectiva da demanda (cadro 1.10) revisa a información publicada polo Instituto Galego de Estatística (IGE) nas Contas económicas trimestrais. Tras os malos resultados das distintas compoñentes da demanda en 2020 debido aos efectos da pandemia, en 2021 a situación comeza a corrixirse. Os maiores aumentos experimentáronse en exportacións de bens e servizos (9,9%), importacións de bens e servizos (6,5%) e gasto en consumo final dos fogares e institucións sen fins de lucro ao servizos dos fogares (4,2%). Pola contra, a formación bruta de capital e o gasto en consumo final das Administracións públicas son as dúas compoñentes con menor dinamismo (1,1% e 2,7 %, respectivamente).

Cadro 1.10

PIB de Galicia. Compoñentes da demanda. 2013-2021

	Gasto en consumo final		Formación bruta de capital	Demanda Interna	Exportacións de bens e servizos	Importacións de bens e servizos
	Fogares e ISFLSF	AA. PP.				
2013	-2,8	-0,8	-12,1	-4,2	11,2	3,6
2014	-0,6	-1,2	6,6	0,4	-2,1	-3,3
2015	1,4	1,4	3,3	1,7	2,3	0,2
2016	1,9	1,5	0,9	1,7	5	1,6
2017	3,1	2,2	7,2	3,5	4,3	7,4
2018	0,9	1,2	7	2	5,4	3,3
2019	-2,5	1,8	3,7	-0,6	0,6	-2,5
2020	-11,4	4,8	-11,8	-7,9	-5,8	-4
2021	4,2	2,7	1,1	3,2	9,9	6,5

Datos en porcentaxe de variación interanual correxida de estacionalidade e calendario.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

O cadro 1.11 permite unha análise máis polo miúdo das compoñentes da demanda. Dependendo da compoñente e do trimestre, as taxas mudan de signo. Con todo, no segundo trimestre todas as compoñentes evolucionaron moi positivamente e cunhas porcentaxes moi altas. Para o derradeiro trimestre de 2021, o gasto en consumo final dos fogares e institucións sen fins de lucro ao servizo dos fogares (3,0%) e as exportacións (4,98%) son as partidas con maior dinamismo. Polo contrario, a formación bruta de capital (-3,5%) e as importacións de bens e servizos (-3,4%) son as que reflicten un peor resultado.

Cadro 1.11

PIB de Galicia. Compoñentes da demanda. Por trimestres. 2021

	Gasto en consumo final		Formación bruta de capital	Demanda Interna	Exportacións de bens e servizos	Importacións de bens e servizos
	Fogares e ISFLSF	AA. PP.				
Primeiro trimestre	-1,8	3,4	-2,5	-0,7	4,7	8,3
Segundo trimestre	17,6	7,2	16,0	14,4	38,0	35,6
Terceiro trimestre	0,1	3,7	-3,3	0,4	-0,3	-5,8
Cuarto trimestre	3,0	-3,1	-3,5	0,4	4,8	-3,4

Datos en porcentaxe de variación interanual correxida de estacionalidade e calendario.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

1.2.2. A perspectiva da oferta

O cadro 1.12 permite analizar a evolución dende a perspectiva da oferta. En 2021, son os servizos (6,6%) e a industria (4,1%) os sectores que recollen incrementos na súa oferta total. Pola contra, a agricultura, gandería, silvicultura e pesca (-0,5%) e a construción (-2,4%) reflicten diminucións neste valor.

Cadro 1.12

PIB de Galicia. Compoñentes da oferta. 2013-2021

	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
2013	4,9	5,7	-9,1	-0,9
2014	3,3	0,3	-0,6	1,1
2015	1,8	0,7	3,4	2,9
2016	-0,3	6,3	5,1	2,8
2017	-1,5	2,7	4,8	2
2018	0,3	8,9	2,4	2,1
2019	0,2	-6,9	5,8	2,9
2020	-3,9	-9,2	-9,4	-8,8
2021	-0,5	4,1	-2,4	6,6

Datos en porcentaxe de variación interanual corrixida de estacionalidade e calendario.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

Esta información pode completarse coa análise temporal das compoñentes da oferta do PIB en Galicia en 2021. De novo, o mellor comportamento prodúcese no segundo trimestre, con porcentaxes positivas, agás en agricultura, gandería, silvicultura e pesca que reflicte un pequeno descenso (-0,8%). Para o derradeiro trimestre de 2021, os servizos (7,9%) e a agricultura, gandería, silvicultura e pesca (2,4%) recollen as subidas, mentres que a construción (-4,4%) e a industria (-0,5%) reflicten as baixadas.

Cadro 1.13

PIB de Galicia. Compoñentes da oferta. Por trimestres. 2021

	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
Primeiro trimestre	-3,3	0,5	-7,0	-2,5
Segundo trimestre	-0,8	18,0	8,5	17,5
Terceiro trimestre	0,0	0,8	-5,0	4,9
Cuarto trimestre	2,4	-0,5	-4,4	7,9

Datos en porcentaxe de variación interanual corrixida de estacionalidade e calendario.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

1.2.3. O PIB das provincias galegas

Os últimos datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística (INE) por provincias son os correspondentes a 2019 (provisionais). No cadro 1.14 preséntase a evolución do seu crecemento económico para o período 2010-2019.

Do PIB de Galicia no ano 2019 (64,4 miles de millóns de euros) as provincias atlánticas aportan un 76,5% do total. En concreto, a provincia da Coruña xerou un 42,7% e a de Pontevedra un 33,9% do total do PIB da comunidade galega. As provincias de Lugo (12,3%) e Ourense (11,2%) pechan a clasificación, sumando entre as dúas menos da cuarta parte (23,5%) do PIB de Galicia.

Cadro 1.14

PIB* a prezos de mercado das provincias galegas. 2010-2019

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
2010	24.890.993	6.976.519	6.118.338	18.781.413
2011	24.341.648	6.977.378	6.170.267	18.278.698
2012	23.395.683	6.858.968	6.062.105	17.655.093
2013	23.362.265	6.892.503	5.937.373	17.733.253
2014	23.184.391	7.068.614	5.894.745	18.042.583
2015	24.422.145	7.433.567	6.059.605	18.751.282
2016	25.077.500	7.473.680	6.336.885	19.391.883
2017	25.693.489	7.474.450	6.552.020	20.674.851
2018	26.801.903	7.794.864	6.820.749	21.010.104
2019 (p)	27.466.727	7.907.467	7.188.956	21.785.738

* A prezos correntes.

(p): datos provisionais.

Fonte: INE, Contabilidade rexional de España.

1.2.4. A cifras de explotacións gandeiras de vacún de orientación leiteira

Unha das actividades máis salientables no sector agro-gandeiro en Galicia é a produción de leite. De aí a necesidade de sinalar esta produción de xeito diferenciado. No cadro 1.15 recóllese a distribución por CC.AA. da produción de leite de vaca para 2020 (ultimo ano dispoñible), a partir do Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA). Galicia, como é habitual, encabeza esta clasificación con gran diferenza, achegando un 39,1% do total de produción estatal, con 2,9 millóns de toneladas métricas de leite.

Cadro 1.15

Produción de leite*. Por CC.AA. 2020

Andalucía	594
Aragón	170
Asturias	595
Baleares	69
Canarias	52
Cantabria	460
Castela-A Mancha	276
Castela e León	935
Cataluña	773
Estremadura	27
Galicia	2.975
Madrid	62
Murcia	66
Navarra	254
País Vasco	188
A Ríoxa	26
C. Valenciana	84
España	7.606

* En miles de toneladas métricas.

Fonte: Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA). Declaracións de Leite.

As oscilacións do prezo por litro de leite de vaca pagado ás explotacións leiteiras de Galicia teñen sempre unha importantísima repercusión na renda total e máis no

emprego do subsector agro-gandeiro. O cadro 1.16 presenta o prezo do litro do leite nas distintas CC.AA. en febreiro de 2021 (último dato dispoñible).

Galicia é a segunda comunidade cun prezo máis baixo (0,327 euros/litro), so por riba de Baleares (0,317 euros/litro). Pola contra, o valor máis alto rexístrase en Canarias (0,427 euros/litro) superando ao de Galicia en febreiro de 2021 en 0,10 euros/litro.

Cadro 1.16

Prezo do leite en febreiro 2021. Por CC.AA.

	N⁽¹⁾	Prezo⁽²⁾
Andalucía	471	0,347
Aragón	47	0,332
Asturias	1.526	0,355
Baleares	112	0,317
Canarias	91	0,427
Cantabria	1.033	0,336
Castela-A Mancha	160	0,349
Castela e León	917	0,339
Cataluña	409	0,350
Extremadura	52	0,332
Galicia	6.694	0,327
Madrid	38	0,341
Murcia	21	0,336
Navarra	133	0,339
País Vasco	277	0,352
A Ríoxa	9	0,335
C. Valenciana	18	0,345

(1) N= número de explotacións lácteas incluídas neste estudo. En miles de litros.

(2) Prezo medio ponderado, en euros por litro.

Fonte: Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA). Declaracións de Leite.

Se, no canto dunha análise estática, analízase a evolución para 2021 do prezo do leite (calculado coa ponderación dos prezos declarados polos compradores) compróbase que Galicia rexistrou unha diminución intensa e continua dende abril ata agosto, como reflicte a columna “total estratos” do cadro 1.17.

- Na media das explotacións de vacún de Galicia, o prezo do leite subiu lixeiramente en Galicia entre xaneiro e decembro, pasando dos 33,0 aos 35,6 céntimos por litro. As maiores subas mensuais foron en setembro e outubro, como ven sendo habitual.
- Os menores prezos percibíronos as persoas propietarias das explotacións gandeiras de menor tamaño; as do estrato 6 (de 700.001 kg/ano ou máis) cobraron en decembro de 2021 un prezo (36,2 céntimos/litro) que superou en 0,70 céntimos/litro á media (35,6 céntimos/litro), mentres que nas de menor tamaño (cota láctea inferior a 100.000 kg/ano) o prezo (35,6 céntimos/litro) quedou 4,6 céntimos por baixo desa media.

- O prezo de venda do litro en decembro de 2021 quedou, segundo a Consellería de Medio Rural, por baixo do custo de produción estimado en 40 céntimos/litro, fronte aos 36 céntimos de 2020 (Informe sobre o aumento do custes de produción no sector de vacún de leite de Galicia, 2022).

Cadro 1.17

Prezos do leite. declarados polos compradores. Galicia 2021. Por meses.

	Total estratos	Estrato 1	Estrato 2	Estrato 3	Estrato 4	Estrato 5	Estrato 6
Xaneiro	33,0	29,1	31,0	31,7	32,3	33,0	33,8
Febreiro	32,7	29,0	30,8	31,5	31,8	32,7	33,4
Marzo	32,9	28,8	30,8	31,4	32,2	32,8	33,7
Abril	32,8	28,7	30,8	31,4	32,1	32,7	33,5
Maio	32,7	28,9	30,8	31,6	32,2	32,7	33,4
Xuño	32,5	28,6	30,6	31,3	31,8	32,4	33,2
Xullo	32,5	28,4	30,5	31,1	32,0	32,4	33,3
Agosto	32,7	28,5	30,5	31,4	32,1	32,6	33,4
Setembro	33,3	29,0	31,0	31,8	32,6	33,0	34,0
Outubro	34,2	29,6	31,1	32,7	33,4	34,1	34,9
Novembro	35,0	30,2	32,7	33,4	34,2	35,0	35,8
Decembro	35,6	31,0	33,3	34,3	34,6	35,5	36,2

€/100 litros, sen IVE.

Estrato 1: Explotacións de vacún cota ata 100.000 kg de leite/ano.

Estrato 2: entre 100.001e 200.000 kg.

Estrato 3: entre 200.001e 300.000 kg.

Estrato 4: entre 300.001e 400.000 kg.

Estrato 5: entre 400.001e 700.000 kg.

Estrato 6: maior de 700.001kg de leite/ano.

Fonte: Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA).

Ao fío do cadro 1.18 pódese salientar que o prezo medio percibido polo litro de leite en Galicia en decembro de 2021 foi de 35,55 céntimos (2,62 céntimos/litro máis que en 2020). A pesar desta mellora respecto a outros anos, o custe e produción en 2021 foi de 40 céntimos.

Cadro 1.18

Prezo do leite en Galicia declarado polos compradores (euros/100 litros. Sen IVE)

	Xan	Feb	Mar	Abr	Mai	Xuñ	Xull	Ago	Set	Out	Nov	Dec
Estrato 1 <100.000	29,12	28,98	28,82	28,69	28,9	28,61	28,38	28,49	29	29,63	30,17	30,97
Estrato 2 100.001 - 200.000	30,95	30,75	30,83	30,8	30,78	30,59	30,53	30,46	31,03	31,093	32,68	33,32
Estrato 3 200.001 - 300.000	31,67	31,45	31,41	31,39	31,56	31,28	31,12	31,39	31,82	32,73	33,41	34,25
Estrato 4 300.001 - 400.000	32,27	31,77	32,18	32,14	32,2	31,84	31,96	32,12	32,58	33,35	34,15	34,59
Estrato 5 400.001 - 700.000	33	32,65	32,79	32,69	32,71	32,35	32,39	32,59	33,04	34,1	34,95	35,49
Estrato 6 >700.001	33,79	33,4	33,69	33,5	33,41	33,17	33,27	33,39	33,97	34,92	35,75	36,24
Prezo medio ponderado	33,04	32,7	32,9	32,8	32,74	32,48	32,54	32,69	33,3	34,2	35,02	35,55

NOTA 1: Os datos de tramos de produción a partir de abril de 2015 non están referenciados á cota láctea; para determinar o tramo que lle corresponde a cada produtor estímase a súa produción anual con base na seguinte estacionalidade mensual: estacionalidade da produción de leite en Galicia (peso relativo medio de cada mes nos últimos 8 períodos lácteos): xan: 8.38%; feb: 7.83%; mar: 8.82%; abr: 8.56%; mai: 8.89%; xuñ: 8.47%; xul: 8.65%; ago: 8.42%; set: 7.92%; out: 8.07%; nov: 7.80%; dec: 8.19%.

Fonte: Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA).

1.3. Variacións do PIB e do emprego: a produtividade

O obxectivo deste apartado é realizar unha análise do estado actual e máis da evolución nos últimos anos da produtividade do factor traballo na economía galega, en termos comparados coa media estatal.

1.3.1. Balance do mercado de traballo

A análise pivota sobre dúas fontes de datos: a Enquisa de poboación activa (EPA) do INE, e as Contas económicas de Galicia do IGE.

1.3.1.1. Balance de indicadores laborais a partir dos datos da EPA

O cadro 1.19 representa a evolución de sete variables laborais (poboación activa, ocupada, asalariada, desempregada e as taxas de actividade, ocupación e paro), co obxecto de avaliar a traxectoria do mercado de traballo de Galicia en 2021.

- A taxa de actividade en Galicia en 2021 foi 0,3 puntos superior á de 2020, a taxa de ocupación 0,5 puntos superior á de 2020, e a taxa de paro 0,3 puntos por baixo da de 2020.
- A taxa de actividade de Galicia (52,5%) foi 6,0 puntos porcentuais inferior a media nacional (58,5%); a de ocupación (46,4%) foi 3,5 puntos porcentuais por baixo da media nacional (49,9%); e a de paro (11,7%) foi 3,1 puntos porcentuais inferior a media nacional (14,8%).
- Considerando a porcentaxe de afectados polos ERTE sobre o total de persoas afiliadas á Seguridade Social, compróbase que en Galicia, esta ratio pasou do 15,7% en maio de 2020 ao 0,5% en marzo de 2022. As cifras para o conxunto nacional foron do 16,8% e do 0,46 %, respectivamente (gráfico 1.1). O anterior pode servir para explicar a escasa incidencia da COVID-19 sobre as taxas de ocupación e desemprego, para Galicia e para España no seu conxunto (gráfico 1.1).


Cadro 1.19

Balance do mercado de traballo. Por comunidades autónomas. 2021

	Poboación activa	Poboación ocupada	Poboación asalariada	Poboación desempregada	Taxa de actividade	Taxa de ocupación	Taxa de paro
	Miles de persoas				Porcentaxe		
Andalucía	4.022,9	3.151,1	2.619,2	871,8	57,0	44,7	21,7
Aragón	645,2	579,7	484,6	65,5	58,6	52,6	10,2
Asturias	446,7	390,7	324,9	56,0	50,7	44,3	12,5
Baleares	648,7	552,9	442,8	95,9	63,2	53,9	14,8
Canarias	1.121,0	861,2	737,6	259,8	58,0	44,5	23,2
Cantabria	276,2	244,5	205,3	31,6	55,5	49,1	11,5
Castela e León	1.102,2	976,6	799,2	125,6	54,2	48,0	11,4
Castela-A Mancha	1.004,3	847,2	695,4	157,1	59,2	49,9	15,6
Cataluña	3.892,2	3.442,1	2.916,0	450,1	61,3	54,2	11,6
C. Valenciana	2.450,6	2.060,5	1.705,8	390,1	57,8	48,6	15,9
Extremadura	492,6	396,3	323,1	96,2	55,2	44,4	19,5
Galicia	1.228,2	1.085,1	876,4	143,1	52,5	46,4	11,7
Madrid	3.543,6	3.134,2	2.745,4	409,4	63,4	56,1	11,6
Murcia	748,3	641,5	536,0	106,8	60,3	51,7	14,3
Navarra	317,2	283,6	242,8	33,6	58,6	52,4	10,6
País Vasco	1.028,8	927,7	802,5	101,1	56,0	50,5	9,8
A. Ríoxa	158,4	140,2	118,2	18,3	59,9	53,0	11,5
Ceuta	36,3	26,6	23,4	9,7	55,9	41,0	26,7
Melilla	39,9	32,0	27,0	7,9	63,3	50,8	19,8
España	23.203,2	19.773,6	16.625,6	3.429,6	58,5	49,9	14,8

Datos en medias anuais.

Fonte: INE, Enquisa de poboación activa.



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións.

1.3.1.2. Balance de indicadores laborais cos datos das Contas económicas de Galicia

A segunda aproximación da análise da evolución do mercado de traballo de Galicia farase a partir da estatística das Contas económicas trimestrais sobre postos de traballo equivalentes a tempo completo; o que permite aproximar mellor á variación do emprego

neto de Galicia. No cadro 1.20 recóllense os datos dos últimos nove anos, por sectores e ramas:

- En medias anuais, a poboación ocupada de Galicia aumentou en 2021 respecto a 2020 en 68.887 persoas (en 2020 respecto ao 2019 reduciuse en 81.743 persoas, por mor da COVID-19).
- O aumento dos postos de traballo rexistrouse especialmente no sector servizos (53.735) e, en menor medida, na industria (7.685) e na construción (7.303). Na agricultura, gandería, silvicultura e pesca recóllese un lixeiro aumento (164 persoas), e no sector de servizos non de mercado experimentábase un aumento maior (3.079 persoas máis).
- A recuperación de postos de traballo equivalente foi especialmente importante no comercio, transporte e hostalería (29.351), que supón o 42,6% de todo o aumento do emprego.

Cadro 1.20

Emprego* segundo actividade económica. Galicia. 2013-2021

	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
TOTAL POBOACIÓN OCUPADA	956.961	940.518	950.736	969.142	992.100	1.004.788	1.030.461	951.656	1.020.543
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	73.502	67.575	65.129	68.750	74.882	73.818	69.817	69.331	69.495
Industria	137.640	133.962	134.861	139.061	142.138	146.895	148.677	137.643	145.328
Construción	71.624	70.223	73.280	70.944	70.440	73.735	78.090	69.997	77.300
Servizos	674.195	668.758	677.466	690.387	704.640	710.340	733.877	674.684	728.419
-Comercio, transporte e hostalería	277.856	268.931	269.308	271.998	283.282	283.878	290.523	248.699	278.050
-Información e comunicacións	14.652	15.114	16.207	17.221	18.376	19.143	19.458	19.477	20.181
-Actividades financeiras e de seguros	19.469	18.339	16.221	18.075	17.040	16.911	17.294	16.528	17.409
-Actividades inmobiliarias	6.131	6.593	7.005	6.893	7.141	7.550	7.849	7.628	8.095
-Actividades profesionais	87.262	87.345	86.351	93.492	97.741	102.305	106.696	101.743	109.347
-Administración pública (saúde e educación)	197.187	199.897	207.531	205.369	207.059	207.562	215.411	211.953	222.786
-Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	71.638	72.539	74.843	77.339	74.001	72.991	76.646	68.656	72.551
Servizos non de mercado	161.920	161.109	162.096	160.395	159.535	158.343	160.462	159.968	163.047

* En postos de traballo equivalentes a tempo completo.

Os datos están corrixidos de efectos estacionais e de calendario.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

O cadro 1.21 recolle, cunha estrutura semellante á do cadro anterior, incluíndo as porcentaxes de variación ano a ano do emprego, medidas en postos de traballo equivalentes a tempo completo. Nel salienta que os maiores incrementos producíronse no segundo trimestre de 2021, cun aumento global do 25,6%, sendo especialmente significativo o aumento da construción (35,1%) e do sector servizos (27,8%), que foron precisamente os sectores que maior redución recolleron entre 2019 e 2020. Estes resultados reflicten a tendencia á recuperación económica, despois da forte caída en 2020.

Cadro 1.21

Porcentaxe de variación interanual do emprego* segundo actividade. Galicia. 2016-2021

	En medias anuais					Datos trimestrais			
	2016	2017	2018	2019	2020	2021/I	2021/II	2021/III	2021/IV
TOTAL POBOACIÓN OCUPADA	1,9	2,4	1,3	2,6	-7,6	-1,1	25,6	3,8	4,2
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	5,6	8,9	-1,4	-5,4	-0,7	-0,4	2,2	1,3	-2,1
Industria	3,1	2,2	3,3	1,2	-7,4	-1,5	23,9	2,1	1,4
Construción	-3,2	-0,7	4,7	5,9	-10,4	2,1	35,1	5,7	4,5
Servizos	1,9	2,1	0,8	3,3	-8,1	-1,4	27,8	4,1	5,3
-Comercio, transporte e hostalaría	1,0	4,1	0,2	2,3	-14,4	-5,6	51,5	4,9	10,1
-Información e comunicacións	6,3	6,7	4,2	1,6	0,1	1,5	6,7	3,1	3,3
-Actividades financeiras e de seguros	11,4	-5,7	-0,8	2,3	-4,4	6,4	12,1	0,9	2,4
-Actividades inmobiliarias	-1,6	3,6	5,7	4,0	-2,8	0,6	22,1	2,1	2,4
-Actividades profesionais	8,3	4,5	4,7	4,3	-4,6	2,1	18,4	6,0	4,8
-Administración pública (saúde e educación)	-1,0	0,8	0,2	3,8	-1,6	2,0	14,8	3,1	1,7
-Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	3,3	-4,3	-1,4	5,0	-10,4	-2,8	23,6	3,3	1,7
Servizos non de mercado	-1,0	-0,5	-0,7	1,3	-0,3	1,6	5,4	0,9	-0,1

* En postos de traballo equivalentes a tempo completo.

Os datos están corrixidos de efectos estacionais e de calendario.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

A evolución do emprego neto en Galicia dende 2008, medido en postos de traballo equivalentes, preséntase no cadro 1.22, que reflicte nitidamente a grande intensidade da destrución da ocupación en Galicia durante a crise de 2007. A partir de 2015 rexístrase una recuperación do emprego, que foise reducindo de intensidade ata 2019. En 2020, produciuse unha importante caída polos efectos económicos da COVID-19, que implicou unha redución do 7,6%. Por sectores, todos acadaron variacións positivas, especialmente construción (10,4%), servizos (8%) e industria (5,6%) que foron os tres sectores que rexistraron un maior descenso en 2020 (11,3%, 8,7% e 7,5%, respectivamente). En 2021 xa se rexistran porcentaxes de variacións interanuais positivos. Así, o total da poboación ocupada incrementase un 7,2%, recollendo a construción e o servizos (10,4 % e 8.0%) as maiores subidas.

O cadro 1.23 permite afondar no estudo da principal compoñente da poboación ocupada de Galicia para o período 2013-2021.

Cadro 1.22**Porcentaxe de variación interanual do emprego* segundo actividade. Galicia. 2008-2021**

	Total poboación ocupada	Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	Servizos non de mercado
2008	-0,3	-6	-0,8	-5,7	1,6	2,7
2009	-5,7	-3,4	-10,1	-11,2	-3,8	1,9
2010	-3,4	-2,1	-4,2	-9,5	-2,2	-1,6
2011	-4	-2,9	-5,1	-15,6	-2	-4,1
2012	-5,1	-3,8	-7,5	-17,6	-2,9	-3,6
2013	-2,3	-4	-3,6	-10,7	-0,9	0
2014	-1,7	-8,1	-2,7	-2	-0,8	-0,5
2015	1,1	-3,6	0,7	4,4	1,3	0,6
2016	1,9	5,6	3,1	-3,2	1,9	-1
2017	2,4	8,9	2,2	-0,7	2,1	-0,5
2018	1,3	-1,4	3,3	4,7	0,8	-0,7
2019	2,6	-5,4	1,2	5,9	3,3	1,3
2020	-7,6	-0,7	-7,4	-10,4	-8,1	-0,3
2021	7,2	0,2	5,6	10,4	8	1,9
2021/I	-1,1	-0,4	-1,5	2,1	-1,4	1,6
2021/II	25,6	2,2	23,9	35,1	27,8	5,4
2021/III	3,8	1,3	2,1	5,7	4,1	0,9
2021/IV	4,2	-2,1	1,4	4,5	5,3	-0,1

* En postos de traballo equivalentes a tempo completo.

Os datos están corrixidos de efectos estacionais e de calendario.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

Cadro 1.23**Emprego asalariado* segundo actividade económica. Galicia. 2013-2021**

	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
TOTAL POBOACIÓN OCUPADA	791.827	785.136	796.237	811.555	833.266	848.520	869.779	805.942	859.833
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	24.860	25.662	26.063	26.778	28.394	31.163	28.468	29.554	29.559
Industria	131.891	128.296	129.206	133.348	136.300	141.147	142.915	132.308	139.633
Construción	57.660	56.158	58.603	56.679	56.337	59.735	64.013	58.297	63.182
Servizos	577.416	575.020	582.365	594.750	612.235	616.475	634.383	585.783	627.459
-Comercio, transporte e hostalaría	218.289	213.404	214.889	218.704	230.991	233.220	238.316	202.434	226.099
-Información e comunicacións	13.953	14.481	15.229	16.357	17.446	18.086	18.341	18.336	18.773
-Actividades financeiras e de seguros	16.445	15.163	12.992	14.875	14.122	13.706	14.119	14.252	14.947
-Actividades inmobiliarias	5.466	5.905	6.338	6.210	6.442	6.785	6.999	6.924	7.192
-Actividades profesionais	73.523	73.953	72.420	78.791	82.877	86.737	89.150	84.478	90.251
-Administración pública (sanidade e educación)	192.218	194.306	201.137	198.664	201.268	201.569	207.527	204.855	213.769
-Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	57.522	57.808	59.360	61.149	59.089	56.372	59.931	54.505	56.427
Servizos non de mercado	161.920	161.109	162.096	160.395	159.535	158.343	160.462	159.968	163.047

* En postos de traballo equivalentes a tempo completo.

Os datos están corrixidos de efectos estacionais e de calendario.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

1.3.2. Produtividade do traballo e competitividade empresarial

O cadro 1.24 amosa a produtividade aparente nominal do traballo para Galicia, no período 2012-2021. Nos últimos anos prodúcense lixeiras alzas neste indicador, que con motivo da COVID-19 rexistran una perda do 0,4% en 2020, pero que recolle un aumento en 2021 do 0,5%.

Cadro 1.24

**Produtividade aparente nominal do traballo*.
2012-2021**

	Produtividade	Variación interanual
2012	54.542	1,3
2013	55.618	2,0
2014	57.207	2,9
2015	58.379	2,0
2016	59.389	1,7
2017	59.894	0,9
2018	61.838	3,2
2019	61.782	-0,1
2020	61.560	-0,4
2021	61.848	0,5

* En postos de traballo equivalentes a tempo completo.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.

1.4. Benestar económico-social: taxas de pobreza; alta desigualdade

1.4.1. Dificultades económicas dos fogares

A Enquisa de condicións de vida (ECV) realizada polo INE estima a nivel rexional as dificultades económicas dos fogares en 2021 (último dato dispoñible), cuantificándoas polos catro criterios que recolle o cadro 1.25. Cabe salientar o seguinte:

- Un 36,7 dos fogares de Galicia non podían permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano fóra da súa casa (3,9 puntos porcentuais máis que a media estatal); So catro CC.AA. (Andalucía, Estremadura, Canarias e Murcia) e una cidade autónoma (Ceuta) tiveron unha porcentaxe de fogares maior que os galegos, mentres que as menores porcentaxes rexistráronas as CC.AA. do País Vasco, Navarra e Madrid.
- Un 24,7% dos fogares galegos consideraron que non tiñan capacidade económica para facerlle fronte a gastos imprevistos (8,9 puntos porcentuais menos que a media española); as maiores porcentaxes tivéronas as cidades autónomas de Ceuta (53,0%) e Melilla (42,6%) e as CC.AA. de Canarias (53,6%) e Andalucía (43,5%); as porcentaxes máis baixas foron as de Navarra (19,9%) e o País Vasco (20,2%).
- Un 7,0% dos fogares de Galicia tiveron retrasos nos pagos relacionados coa súa vivenda principal (4,0 puntos porcentuais por baixo da media española); as cidades autónomas de Ceuta (27,4%) e Melilla (19,9%) e as CC.AA. de Canarias (21,6%) e Baleares (14,8%) rexistraron as maiores porcentaxes de fogares; as menores rexistráronas A Ríoxa (5,9%) e Galicia (7,0%).
- Un 6,7% dos fogares galegos tiveron moita dificultade para chegar a fin de mes (1,9 puntos porcentuais por baixo da media española); as cidades autónomas de Ceuta

e Melilla e as CC.AA. de Canarias e Andalucía rexistraron os maiores porcentaxes de fogares nesta situación, mentres que as menores rexistráronas na Rioxa e País Vasco.

Cadro 1.25

Dificultades económicas dos fogares. Por comunidades autónomas. 2021

	Non pode permitirse ir de vacacións polo menos unha semana ao ano	Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos	Retrasos nos pagos relacionados coa vivenda principal	Moita dificultade para chegar a fin de mes
Andalucía	45,3	43,5	13,8	11,7
Aragón	23,6	27,4	7,8	5,8
Asturias	31,7	26,5	7,6	7,1
Baleares	33,2	31,0	14,8	6,6
Canarias	42,9	53,6	21,6	16,9
Cantabria	33,7	28,7	7,1	8,1
Castela e León	29,4	25,6	7,1	7,5
Castela-A Mancha	36,2	37,3	10,0	9,2
Cataluña	28,9	32,5	11,1	8,3
C. Valenciana	34,0	32,8	10,9	7,9
Estremadura	44,4	41,2	9,3	8,3
Galicia	36,7	24,7	7,0	6,7
Madrid	21,0	28,9	9,6	6,2
Murcia	42,9	41,4	14,7	11,3
Navarra	21,0	19,9	9,2	5,8
País Vasco	17,6	20,2	7,0	4,9
A Rioxa	23,6	21,6	5,9	3,7
Ceuta	42,7	53,0	27,4	26,2
Melilla	36,3	42,6	19,9	15,0
España	32,8	33,6	11,0	8,6

Datos en porcentaxe.

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV)

1.4.2. Ingresos medios por persoa e por fogar

Na última Enquisa de condicións de vida (ECV) con información para 2021 estímase en 11.453 euros os ingresos medios anuais netos por persoa en Galicia, fronte a unha media de 12.269 no conxunto de España. Salienta a seguinte información do cadro 1.26:

- Os ingresos medios anuais netos por persoa en Galicia en 2021 están un 6,7% por baixo da media española.
- As CC.AA. cos maiores niveis per cápita foron, por este orde, País Vasco, Navarra, Madrid e Cataluña, mentres que os menores tivéronos as CC.AA. de Estremadura, Andalucía, Murcia e Canarias.
- O ingreso medio anual neto en 2021 dunha persoa residente no País Vasco está un 35,7% por riba da media dunha residente en Galicia.

Cadro 1.26

**Clasificación das CC.AA. de maior a menor
ingreso medio anual por persoa. 2021**

	Renda media por persoa
País Vasco	15.544
Navarra	15.269
Madrid	14.836
Cataluña	14.159
Aragón	13.345
A Ríoxa	12.913
Asturias	12.861
Cantabria	12.848
Castela e León	12.656
España	12.269
Melilla	12.012
Galicia	11.453
C. Valenciana	11.237
Baleares	11.235
Ceuta	10.397
Castela-A Mancha	10.257
Canarias	10.161
Murcia	9.931
Andalucía	9.915
Extremadura	9.500

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV)

A análise dos ingresos medios anuais netos por fogar en España entre 2010 e 2021 (cadro 1.27) permite comprobar que a evolución foi decrecente dende 2010 a 2015, e tras a mellora producida en 2016, acada en 2021 o 103,1% respecto do primeiro ano. Pola súa banda, os ingresos medios anuais netos por persoa no conxunto do Estado español aumentaron nun 8,7% dende 2010 a 2021.

Cadro 1.27

Evolución dos ingresos medios anuais por fogar e por persoa. España. 2010-2021

	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
Por fogar	29.634	28.206	27.747	26.775	26.154	26.092	26.730	27.558	28.417	29.132	30.690	30.552
Por persoa	11.284	10.858	10.795	10.531	10.391	10.419	10.708	11.074	11.412	11.680	12.292	12.269

Datos en euros.

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV)

1.4.3. A poboación en risco de pobreza

A ECV tamén permite coñecer a taxa de pobreza en España. No cadro 1.28 preséntanse as comunidades e cidades autónomas ordenadas de menor a maior taxa de risco de pobreza para 2021. Esta información revela que:

- Galicia atópase por baixo da media estatal (20,2% e 21,7%, respectivamente) e ocupa en 2021 unha posición intermedia entre as comunidades pola súa taxa de pobreza.

- As CC.AA. coa taxa de pobreza máis baixa en 2021 foron Navarra (9,8%) e País Vasco (12,2%).
- No outro extremo, Estremadura e Andalucía (ambas con 32,3%) e as cidades autónomas de Ceuta (32,3%) e Melilla (30,1%) rexistraron as maiores taxas de pobreza.

Cadro 1.28

**Clasificación de menor a maior
taxa de pobreza. Por CC.AA. 2021**

	Taxa
Navarra	9,8
País Vasco	12,2
Cataluña	14,8
Madrid	15,2
Cantabria	15,4
Aragón	15,8
A Ríoxa	16,1
Baleares	17,6
Castela e León	17,9
Galicia	20,2
Asturias	20,4
España	21,7
C. Valenciana	25,1
Castela-A Mancha	27,4
Murcia	27,7
Canarias	28,4
Melilla	30,1
Andalucía	32,3
Estremadura	32,3
Ceuta	32,3

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV)

No cadro 1.29 preséntase a evolución da poboación en risco de pobreza de Galicia e máis España de 2008 a 2021.

- Galicia registrou en 2021 unha suba de taxa da pobreza dende 2013 de 3,0 puntos porcentuais, e pecha 2021 co 20,2%, despois de ter en 2014 o mellor dato (15,4%).
- Pola súa banda, a taxa media de pobreza de España tivo entre 2013 e 2021 unha suba menor (1,3 puntos porcentuais). En 2021 sitúase no 21,7%.
- A diferenza entre as dúas taxas de pobreza quedou en 1,5 puntos porcentuais en 2021.

Cadro 1.29

Evolución da taxa de pobreza. Galicia e España. 2008-2021

	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
Galicia	20,9	20,6	18,1	16,1	18,3	17,2	15,4	19,4	19,0	18,7	18,8	20,0	22,1	20,2
España	19,8	20,4	20,7	20,6	20,8	20,4	22,2	22,1	22,3	21,6	21,5	20,7	21,0	21,7

Datos en porcentaxe.

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV)

1.4.4. Distribución da renda

Un xeito de analizar a distribución da renda é calcular os quintís dos ingresos. Para iso, ordénanse todas as persoas segundo a contía dos ingresos por unidade de consumo e, posteriormente, divídense en cinco grupos iguais. O primeiro quintil corresponde ao 20% con menores ingresos e o quinto quintil corresponde ao 20% das persoas con maiores ingresos por unidade de consumo.

No cadro 1.30 preséntase a poboación por CC.AA. por quintil de renda por unidade de consumo no ano 2021. Da análise pódese salientar que:

- Galicia é unha das CC.AA. nas que a porcentaxe de poboación no grupo de quinto quintil está por baixo da media estatal; mentres que está por riba da media española no primeiro, segundo, terceiro e quinto quintil.
- As CC.AA. coa maior porcentaxe de poboación no quinto quintil foron o País Vasco (35,0%) e Navarra (31,6%).
- No primeiro quintil, as maiores porcentaxes rexistráronas Ceuta (30,8%) e Melilla (30,0%).

Cadro 1.30

Poboación por quintil de renda por unidade de consumo. Por comunidades autónomas. 2021

	1º quintil (menor renda): 0-20%	2º quintil (rendas intermedias): 20-40%	3º quintil (rendas intermedias): 40-60%	4º quintil (rendas intermedias): 60-80%	5º quintil (maior renda): 80-100%
Andalucía	30,0	24,8	19,4	14,1	11,6
Aragón	15,3	15,9	20,5	25,7	22,6
Asturias	19,8	18,5	18,4	23,1	20,2
Baleares	16,8	19,9	26,7	21,8	14,7
Canarias	27,2	22,5	22,0	13,8	14,6
Cantabria	13,6	22,6	22,4	21,4	20,0
Castela León	16,0	19,5	22,1	23,4	19,0
Castela-A Mancha	25,5	23,2	23,9	15,2	12,4
Cataluña	13,7	15,7	19,0	24,1	27,5
C. Valenciana	22,0	22,0	20,8	21,0	14,2
Estremadura	28,3	32,0	19,0	12,7	7,9
Galicia	18,8	21,8	23,1	21,7	14,6
Madrid	14,3	15,9	17,5	21,0	31,4
Murcia	25,8	23,2	23,1	17,1	10,8
Navarra	9,4	12,1	16,1	30,8	31,6
País Vasco	10,8	13,9	15,7	24,6	35,0
A Ríoxa	14,8	18,6	21,0	24,7	20,8
Ceuta	30,8	25,1	13,3	8,5	22,4
Melilla	30,0	16,5	12,0	15,7	25,8
España	20,0	20,0	20,0	20,0	20,0

Fonte: INE, Enquisa de condicións de vida (ECV)

1.5. Participación dos salarios no VEB. Custos laborais e salariais

Para analizar a participación dos salarios no valor engadido bruto, estúdase a relevancia das remuneracións salariais no PIB de Galicia, España e a UE. Posteriormente, preséntanse as estatísticas de custos salariais e a evolución do salario mínimo interprofesional (SMI).

1.5.1. Peso das remuneracións salariais no PIB de Galicia, España e a UE

A evolución da porcentaxe que sobre o PIB supón a remuneración da poboación asalariada para o período 2000-2021 en Galicia, España e UE recóllese no cadro 1.31. Anotamos os seguintes aspectos:

- En 2021 a porcentaxe de remuneración da poboación asalariada de Galicia no PIB (45,5%) é menor que a estatal (47,5%). As diferenzas coa media estatal e a UE son de 2,0 e 2,3 puntos, respectivamente.
- A proporción dos salarios no PIB de Galicia rexistra un descenso respecto ao ano pasado ao pasar do 46,4% en 2020 ao 45,5% en 2021.

Cadro 1.31

**Porcentaxe da remuneración das persoas asalariadas
no PIB. Galicia. España e Europa. 2000-2021**

	Galicia	España	UE 27
2000	45,8	48,8	47,5
2001	45,2	48,1	47,3
2002	45,2	47,8	47,3
2003	45,1	47,3	47,3
2004	44,3	47,2	46,6
2005	44,2	46,9	46,4
2006	44,5	47,0	45,9
2007	45,4	47,3	45,5
2008	46,4	49,0	46,4
2009	48,0	49,6	47,9
2010	47,1	49,1	47,3
2011	47,5	48,3	47,0
2012	46,2	46,7	47,3
2013	45,9	45,8	47,3
2014	44,9	45,9	47,2
2015	44,7	45,7	46,8
2016	44,1	45,2	47,0
2017	43,8	45,1	47,0
2018	44,0	45,4	47,3
2019	45,3	46,3	47,4
2020	46,4	48,5	48,7
2021	45,5	47,5	47,8

Datos en porcentaxe.

Fonte: IGE, Estudo sobre salarios.

1.5.2. Custos laborais. Xornada laboral

O cadro 1.32 recolle os custos laborais por CC.AA. dende unha dobre perspectiva: por persoa traballadora e mes e por hora efectiva de traballo. No que atinxe á primeira variable, o custo laboral en 2021 en Galicia foi 2.665 euros. Polo que respecta ao custo laboral por hora efectiva, en 2021 ascende ata os 21,1 euros. Os resultados anteriores reflicten un aumento dende 2020 de 114 euros e de 0,7 euros para o custe laboral por persoa traballadora e mes e o custe laboral por hora efectiva, respectivamente.

Cadro 1.32

Custos laborais. Por comunidades autónomas. Cuarto trimestre do 2021

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva	
	Euros	% var.*	Euros	% var.*
Andalucía	2.530	3,5	20,2	-1,2
Aragón	2.806	4,0	22,4	-0,6
Asturias	2.875	0,3	23,9	-3,3
Baleares	2.747	9,5	21,6	0,7
Canarias	2.359	12,6	18,7	-1,6
Cantabria	2.636	-3,9	21,2	-3,7
Castela León	2.631	2,3	21,2	-2,1
Castela-A Mancha	2.568	3,6	20,3	3,8
Cataluña	3.085	5,7	24,3	1,9
C. Valenciana	2.571	4,8	20,3	2,3
Estremadura	2.301	1,9	18,7	-0,7
Galicia	2.665	4,5	21,1	3,4
Madrid	3.363	4,5	25,8	-0,8
Murcia	2.674	3,9	21,1	2,1
Navarra	3.118	0,3	25,7	-0,9
País Vasco	3.383	3,4	27,7	0,3
A Ríoxa	2.615	4,0	21,3	2,6
Es paña	2.875	4,4	22,7	0,3

* Sobre cuarto trimestre do ano anterior.

Fonte: INE, Enquisa trimestral de custo laboral.

A media estatal do custo salarial por persoa traballadora e mes a escala nacional foi de 2.166 euros en 2021, un importe lixeiramente inferior ao de 2020 (2.061 euros). A desagregación deste dato por CC.AA. permite observar que o maior custo laboral foi o de Madrid (2.582 euros) e o País Vasco (2.537 euros). Estremadura (1.773 euros) e Canarias (1.742 euros) pecharon a clasificación. En Galicia foi de 1.983 euros. As CC.AA. cunha maior suba porcentual no seu custo salarial en 2021 Canarias (14,1%) e Baleares (10,3%), un resultado que responde á recuperación da actividade turística nestas dúas CC.AA. Pola contra, Cantabria cunha redución do 3,7% e Navarra cun incremento do 0,3% ocupan a parte baixa desta distribución.

Cadro 1.33**Custos salariais. Por comunidades autónomas. Cuarto trimestre do 2021**

	Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	% var.*	Euros	% var.*
Andalucía	1.886	3,8	15,0	-0,9
Aragón	2.095	3,5	16,7	-1,1
Asturias	2.174	1,6	18,0	-2,1
Baleares	2.065	10,3	16,2	1,5
Canarias	1.742	14,1	13,8	-0,3
Cantabria	1.980	-3,7	15,9	-3,6
Castela León	1.991	3,1	16,0	-1,3
Castela-A Mancha	1.904	4,5	15,0	4,7
Cataluña	2.333	6,7	18,4	2,9
C. Valenciana	1.914	4,9	15,1	2,4
Extremadura	1.733	2,7	14,1	0,1
Galicia	1.983	4,4	15,7	3,4
Madrid	2.582	5,5	19,8	0,1
Murcia	2.002	3,7	15,8	1,9
Navarra	2.347	0,3	19,3	-0,9
País Vasco	2.536	3,8	20,8	0,7
A Ríoxa	1.959	3,8	15,9	2,4
España	2.166	5,1	17,1	0,9

* Sobre cuarto trimestre do ano anterior.

Fonte: INE, Enquisa trimestral de custo laboral.

No cadro 1.34 preséntase por CC.AA. a xornada laboral por persoa traballadora e mes no cuarto trimestre dende unha tripla vertente: total de persoas traballadoras, as que traballan a tempo completo e as que o fan a tempo parcial.

Para Galicia en 2021 foi de 152,7 horas (en 2020 foi de 152,1 horas). Polo que respecta ao traballo a tempo completo a cantidade estabilízase nas 169,5 horas en 2021, practicamente a mesma cifra que en 2020 (169,1 horas). No que fai referencia ao traballo a tempo parcial en 2021 foi de 89,7 (en 2020 foi de 86,5 horas).

Cadro 1.34

Xornada laboral. Por comunidades autónomas. Cuarto trimestre do 2021

	Xornada laboral (horas pactadas)		
	Total traballadores/as	Tempo completo	Tempo parcial
Andalucía	148,4	168,6	92,6
Aragón	150,8	168,8	82,2
Asturias	148,7	166,2	83,8
Baleares	152,7	169,3	102,6
Canarias	151,6	169,3	89,0
Cantabria	150,8	167,6	90,4
Castela León	148,7	168,0	85,1
Castela-A Mancha	149,9	167,1	84,6
Cataluña	151,0	169,3	86,8
C. Valenciana	149,6	168,9	91,0
Extremadura	145,4	166,5	78,9
Galicia	152,7	169,5	89,7
Madrid	154,6	169,0	93,1
Murcia	151,4	168,6	95,1
Navarra	148,6	167,1	85,7
País Vasco	148,6	164,5	82,1
A Ríoxa	149,4	167,6	84,8
España	150,9	168,5	89,4

Fonte: INE, Enquisa trimestral de custo laboral.

O número de vacantes en Galicia ao remate do ano 2021 foi de 3.025 (cadro 1.35), o que supón un 2,8% do total (3,9% en 2020), moi por baixo das porcentaxes relativas no total español en poboación ou PIB. Este mesmo cadro permite coñecer os motivos principais de non existencia de vacantes, desagregado por CC.AA. e a nivel estatal.

Cadro 1.35

Vacantes ou motivos polos que non existen. Por comunidades autónomas. Cuarto trimestre de 2021

	Vacantes	% en cada CC.AA. sobre total de vacantes	Motivos polos que non existen vacantes (distribución autonómica)		
			Non se necesita ningún traballador	Elevado coste de contratación	Outros
Andalucía	19.007	17,4	94,8	2,9	2,3
Aragón	2.807	2,6	92,3	4,2	3,5
Asturias	3.374	3,1	95,9	2,2	1,9
Baleares	1.079	1,0	94,0	4,0	2,0
Canarias	4.083	3,7	93,7	4,5	1,8
Cantabria	374	0,3	96,8	1,6	1,6
Castela e León	4.661	4,3	94,4	3,7	1,9
Castela-A Mancha	4.000	3,7	95,4	1,9	2,7
Cataluña	24.551	22,5	96,1	3,0	0,9
C. Valenciana	10.776	9,9	96,0	1,9	2,1
Extremadura	979	0,9	95,1	2,8	2,1
Galicia	3.025	2,8	94,2	3,0	2,8
Madrid	22.253	20,4	94,1	3,8	2,1
Murcia	1.750	1,6	96,2	1,8	2,0
Navarra	3.050	2,8	95,7	2,8	1,5
País Vasco	2.761	2,5	94,8	1,3	3,9
A Ríoxa	553	0,5	91,8	5,3	2,9
Total	109.085	100,0	95,3	1,8	2,9

Fonte: INE, Enquisa trimestral de custo laboral.

1.5.3. O salario mínimo interprofesional (SMI)

O SMI a 1 de xaneiro de 2021 en España foi de 1.126 euros/mes (incluíndo a pro rata das pagas extraordinarias) fronte aos 1.108 euros de 2020. A súa contía actual en España experimentou unha importante suba nos últimos anos. Non obstante, o SMI en España é o 49,8% do percibido en Luxemburgo ou o 63,4% do vixente en Irlanda (cadro 1.36).

Cadro 1.36

**Salario mínimo interprofesional.
España e outros Estados da UE. 2021**

	Euros/mes
Luxemburgo	2.257
Irlanda	1.775
Bélxica	1.658
Alemaña	1.621
Francia	1.603
España	1.126
Portugal	823
Grecia	774
Polonia	655

* Inclúe o rateo das pagas extraordinarias.

Fonte: Eurostat.

O moi limitado incremento do SMI no trienio 2012-2014 (0,6%), contrasta co importante aumento de 2016 a 2017 (8,0%) e entre 2017 a 2018 (4,0%) e sobre todo entre 2018 e 2019 (22,3%), tal como reflicte o cadro 1.37. En 2020 subiu un 5,5%. En 2021 situouse no mesmo nivel que 2020, en 950 euros mensuais (13.300 euros anuais repartidos en 14 pagas). En 2022 aprobouse unha nova suba ata os 1.000 euros. Entre 2017 e 2021 a suba do SMI foi de 292,30 euros, un aumento do 41,3%.

Cadro 1.37

Salario mínimo interprofesional. España. 2008-2022

	€/día	€/mes	Incremento %
2008	20,00	600,00	5,15
2009	20,80	624,00	4,00
2010	21,11	633,30	1,49
2011	21,38	641,40	1,28
2012	21,38	641,40	0,00
2013	21,51	645,30	0,61
2014	21,51	645,30	0,00
2015	21,62	648,60	0,51
2016	21,84	655,20	1,02
2017	23,59	707,70	8,01
2018	24,53	735,90	3,98
2019	30,00	900,00	22,30
2020	31,66	950,00	5,56
2021	31,66	950,00	0,00
2022	33,33	1000,00	5,26

Fonte: Ministerio de Trabajo e Economía Social.

1.6. A variación do IPC

O cadro 1.38.a recolle a evolución nos últimos dezaseis anos das taxas de inflación de Galicia e España (taxas de variación interanuais en porcentaxe a decembro de cada ano). Tras unha etapa ordinaria de incrementos entre 2006 e 2013, durante o bienio 2014-2015 os prezos tiveron un comportamento extraordinario: diminuíron, para logo aumentar en 2016. En 2017 foi do 1,2%, en 2018 do 1% e en 2019 do 0,7%. En 2020, por mor da pandemia, a inflación en Galicia rexistrou unha variación negativa (-0,4%); para España, a evolución foi, en liñas xerais, a mesma, aínda que superior nunha décima no 2020 respecto de Galicia. En 2021 cambia a tendencia e rexístrase un aumento do 6,7% en Galicia e do 6,5% en España, un resultado que se está incluso a superar en 2022. O cadro 1.38b recolle a comparativa por CC.AA.

Cadro 1.38a

Porcentaxe de variación do IPC. Galicia-España. 2006-2021

	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
Galicia	2,6	4,1	1,2	0,9	3,1	2,5	2,6	0,5	-1,0	-0,2	1,6	1,2	1,0	0,7	-0,4	6,7
España	2,7	4,2	1,4	0,8	3,0	2,4	2,9	0,3	-1,0	0,0	1,6	1,1	1,2	0,8	-0,5	6,5

Taxas de variacións interanuais en % a decembro de cada ano.
Fonte: INE, IPC.

Cadro 1.38b

Porcentaxe de variación do IPC. 2021

	IPC xeral
Andalucía	6,7
Aragón	7,2
Asturias	6,2
Baleares	6,5
Canarias	5,8
Cantabria	6,8
Castela León	7,3
Castela-A Mancha	7,6
Cataluña	6,1
C. Valenciana	6,8
Estremadura	7,1
Galicia	6,7
Madrid	6,2
Murcia	6,3
Navarra	6,6
País Vasco	6,4
A Ríoxa	7
Ceuta	5,5
Melilla	6,9
España	6,5

Taxas de variacións interanuais en % a decembro de cada ano.
Fonte: INE, IPC.

A inflación subxacente, que é aquela que non ten en conta a variación dos prezos dos produtos enerxéticos nin dos alimentos non elaborados, rematou en 2021 en Galicia no 2,1% (0,4% en 2020), o mesmo resultado que para a media estatal (0,1% en 2020). A maior variación recóllena Baleares e Aragón (2,3%) e a menor Cataluña e Asturias (as dúas co 1,8%) e a cidade autonómica de Ceuta (1,5%).

Cadro 1.39a**Inflación subxacente*. Galicia e España. 2009-2021**

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
Galicia	0,2	1,4	1,6	2,2	0,3	-0,1	1,0	0,9	0,8	0,8	1,1	0,4	2,1
España	0,3	1,5	1,5	2,1	0,2	0,0	0,9	1,0	0,8	0,9	1,0	0,1	2,1

*Índice xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos.

Taxas de variacións interanuais en % a decembro de cada ano.

Fonte: INE, IPC.

Cadro 1.39b**Inflación subxacente. 2021**

	IPC xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos
Andalucía	2
Aragón	2,3
Asturias	1,8
Baleares	2,3
Canarias	1,9
Cantabria	2,2
Castela León	2,2
Castela-A Mancha	2,1
Cataluña	1,8
C. Valenciana	2
Extremadura	2,1
Galicia	2,1
Madrid	2,2
Murcia	1,9
Navarra	2,1
País Vasco	2,2
A Ríoxa	2
Ceuta	1,5
Melilla	2
España	2,1

Taxas de variacións interanuais en % a decembro de cada ano.

Fonte: INE, IPC.

A información do cadro 1.40.a ofrece a desagregación nos doce grupos de gasto do IPC e a súa taxa de variación entre 2009 e 2021 en Galicia. Obsérvase nel que en 2021:

- Diminuíron os prezos só en comunicacións (-0,3%).
- As maiores subas rexistráronse en transporte (10,8%) e vivenda (27,1%).

O cadro 1.40b recolle a comparativa por grupos de gasto.

Cadro 1.40a

IPC por grupos de gasto. Galicia. 2009-2021

	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
1. Alimentos e bebidas non alcohólicas	-2,0	0,5	2,7	2,5	1,5	0,1	1,4	1,0	1,4	1,4	1,2	1,8	4,8
2. Bebidas alcohólicas e tabaco	11,3	13,9	3,7	5,8	5,0	-0,4	1,2	0,9	1,8	1,6	-0,1	-0,3	1,2
3. Vestido e calzado	-0,9	0,5	0,3	0,3	0,1	0,4	0,5	0,8	0,4	0,9	0,9	0,7	0,9
4. Vivenda	0,8	7,3	7,0	6,4	0,4	-0,9	-3,2	0,8	1,7	2,4	-5,4	-0,7	27,1
5. Enxoval	1,0	0,7	1,6	1,2	0,5	-1,3	0,6	-0,5	-0,1	0,3	0,8	0,6	2,6
6. Sanidade	-0,7	-0,1	-2,3	11,1	1,6	-0,2	0,2	1,4	0,3	1,1	1,1	0,5	2,2
7. Transporte	4,1	9,1	4,6	2,1	1,1	-4,2	-2,8	4,7	2,4	-0,4	3,4	-4,5	10,8
8. Comunicacóns	-0,3	-0,7	-1,6	-2,8	-6,6	-5,7	0,4	3,3	0,2	2,2	0,6	-4,1	-0,3
9. Ocio e cultura	-0,6	-0,9	0,6	0,7	-0,7	-1,8	0,1	0,2	-0,6	-0,6	-0,4	-1,4	1,5
10. Ensino	2,6	2,1	3,2	4,0	1,6	1,0	0,6	1,6	1,0	1,3	1,8	1,3	1,5
11. Hoteis, cafés e restaurantes	1,8	2,1	1,6	1,4	0,5	0,5	0,9	1,3	2,1	2,0	3,0	1,4	2,7
12. Outros	1,9	2,5	2,0	3,6	-0,1	0,7	1,4	1,6	0,0	0,8	1,0	1,2	1,3
VARIACIÓN XERAL DO IPC	0,9	3,1	2,5	2,6	0,5	-1,0	-0,2	1,6	1,2	1,0	0,7	-0,4	6,7

Taxas de variación interanuais en % a decembro de cada ano.

Fonte: INE, IPC.

Cadro 1.40b

IPC por grupos de gasto. Por comunidades autónomas. 2021

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	IPC Xeral
	Alimentos e bebidas non alcohólicas	Bebidas alcohólicas e tabaco	Vestido e calzado	Vivenda	Enxoval	Sanidade	Transporte	Comunicacións	Ocio e cultura	Ensino	Hoteis, cafés e restaurantes	Outros	
Andalucía	5	1,3	0,9	26,7	1,7	1,3	11,1	-0,3	1,4	1,3	3	1,3	6,7
Aragón	5,8	1,7	1,1	24,5	3,1	0,3	11	-0,3	0,6	1,5	3,8	1,9	7,2
Asturias	4,2	1,9	0,6	24,9	1,8	0,6	9,8	-0,4	1,7	2,2	2,7	1,1	6,2
Baleares	5,2	2	0,9	22,5	3	3,5	9,5	-0,2	1,9	2	2,1	1	6,5
Canarias	4,1	1,8	1	20,7	1,8	0,9	11,3	-0,3	1	1,1	2,1	2	5,8
Cantabria	5,3	3,1	1,1	22,8	2	1	11,1	-0,2	1,1	0,5	2,6	2,7	6,8
Castela León	4,8	1,3	1	26,6	2,6	1,2	11,2	-0,3	1,8	0,5	3,5	1,4	7,3
Castela-A Mancha	5,3	1,9	0,9	29,4	2	1,1	11,1	-0,2	1	1,5	3,3	1,7	7,6
Cataluña	4,7	1,6	1,1	20	1,9	1	10,8	-0,3	1,2	1,6	2,3	1,6	6,1
C. Valenciana	5,2	1,8	1	27,6	1,8	1,6	10,9	-0,4	1,6	1,2	2,5	1,9	6,8
Extremadura	4,6	1,5	0,9	29	1,2	0,8	12,5	-0,4	1,7	1	2,9	1,9	7,1
Galicia	4,8	1,2	0,9	27,1	2,6	2,2	10,8	-0,3	1,5	1,5	2,7	1,3	6,7
Madrid	5,2	2	1,2	17,8	1,9	-1,3	10,6	-0,2	2,8	1	4,6	1,2	6,2
Murcia	5,1	0,9	0,9	22,6	2	0,1	12,5	-0,3	2,3	0,9	3	0,7	6,3
Navarra	5,1	0,7	1,1	24,6	3	1,9	10,2	-0,4	4	-5,5	3,1	2	6,6
País Vasco	4,7	1,7	1,1	24,1	3,2	1,3	10,2	-0,3	1,5	1,6	3	2,3	6,4
A Rioxa	4,9	0,7	1,4	27,1	2,4	1,3	10,5	-0,3	1,1	-3,6	3,5	2,3	7
Ceuta	3,7	3,1	0,9	20,8	0,7	0	14,9	0	1,1	0,3	1	0,7	5,5
Melilla	5,9	2,6	1,1	23,7	1,7	1,9	15	-0,4	1,9	0,8	2,6	0,7	6,9
España	5	1,6	1	23,3	2,1	0,9	10,9	-0,3	1,7	1,2	3,1	1,5	6,5

Taxas de variación interanuais en % a decembro de cada ano.

Fonte: INE, IPC.

1.7. Comercio exterior

Cando se analiza o comercio exterior galego, podemos referirnos a tres realidades económicas diferentes: i) ao importe global das transaccións con orixe ou destino en Galicia (total do comercio exterior galego); ii) tan só a unha parte dese total do comercio exterior galego: ás compravendas de Galicia co estranxeiro (ou o que é o mesmo, a parte correspondente a Galicia do comercio internacional español). Esta adoita ser a máis usada na literatura económica tradicional, pero cremos que a súa denominación pode resultar confusa; por iso, chamáremoslle comercio internacional de Galicia; e iii) á outra parte do total do comercio exterior galego: as transaccións de Galicia coas outras CC.AA; chamáremoslle comercio galego intraestatal.

1.7.1. Comercio internacional galego

O valor das exportacións/expedicións de Galicia ao estranxeiro acadou en 2021 os 25.269,6 millóns de euros (20.871 millóns en 2020), mentres que as importacións foron de 20.115,6 millóns de euros (16.597 millóns en 2020). A diferenza foi de 5.154 millóns (4.274 millóns en 2020) (cadro 1.41).

Consecuentemente co superávit nas compravendas de Galicia co estranxeiro, a taxa de cobertura (porcentaxe do valor das exportacións sobre o das importacións) quedou moi por riba do valor 100 (equilibrio da balanza comercial). En 2021 a taxa de cobertura do comercio internacional galego ascendeu ao 126% ou o que é o mesmo, o valor das exportacións galegas ao estranxeiro cubriu o importe das importacións e acadou ademais un 26% de marxe.

A desagregación provincial nas exportacións amosa que a provincia de Pontevedra (47,8% do total galego) e a da Coruña (45,3%) volveron a ser en 2021 os sólidos piares das nosas exportacións, xa que logo, o importe conxunto das compras do estranxeiro destas dúas provincias acadou en 2021 un 93,1% do total galego).

No cadro 1.42 preséntanse os indicadores básicos de comercio exterior para 2021 por CC.AA.

Cadro 1.41

Comercio exterior de Galicia (e distribución provincial). Indicadores básicos. 2021

	EXPORTACIÓN				IMPORTACIÓN				SALDO	COBERT.
	Millóns €	IProv ⁽¹⁾	TVA ⁽²⁾	CProv a TVA ⁽³⁾	Millóns €	IProv ⁽¹⁾	TVA ⁽²⁾	CProv a TVA ⁽³⁾	Millóns €	%
A Coruña	11.457,4	45,3	32,3	13,4	7.858,3	39,1	43,1	14,3	3.599,1	146%
Lugo	723,2	2,9	23,6	0,7	597,7	3,0	-17,5	-0,8	125,5	121%
Ourense	1.016,4	4,0	32,1	1,2	663,9	3,3	37,8	1,1	352,5	153%
Pontevedra	12.072,6	47,8	11,2	5,8	10.995,7	54,7	11,1	6,6	1.076,9	110%
Galicia	25.269,6	100	21,1	21,1	20.115,6	100	21,2	21,2	5154,0	126%

(1) IProv: incidencia provincial na exportación/importación de Galicia (en porcentaxe)

(2) TVA: taxa de variación interanual (respecto a igual período do ano anterior), en porcentaxe.

(3) CProv a TVA de Galicia: contribución provincial á taxa de variación interanual rexistrada por Galicia.

Fonte: Ministerio de Economía e Competitividade, Informe anual da Dirección Territorial de Comercio en Galicia.

Cadro 1.42

Comercio exterior de España. Por comunidades autónomas. Indicadores básicos. 2021

	EXPORTACIÓN				IMPORTACIÓN				SALDO	COBERT.	EXP+IMP
	Valor (mil. €)	ICom ⁽¹⁾	TVA ⁽²⁾	Ccom a TVA ⁽³⁾	Valor (mil. €)	ICom ⁽¹⁾	TVA ⁽²⁾	Ccom a TVA ⁽³⁾	Valor (mil. €)	%	Valor (mil. €)
España	316.609,2	100,0	21,2	21,2	342.787,1	100,0	24,8	24,8	-26.177,9	92,4	659.396,3
Cataluña	80.538,3	25,4	21,5	5,5	90.428,5	26,4	19,5	5,4	-9.890,2	89,1	170.966,8
Madrid	39.866,7	12,6	36,3	4,1	81.568,8	23,8	31,4	7,1	-41.702,1	48,9	121.435,5
Andalucía	34.551,9	10,9	24,2	2,6	33.193,7	9,7	34,5	3,1	1.358,3	104,1	67.745,6
Valencia	32.413,3	10,2	13,2	1,5	29.846,4	8,7	19,6	1,8	2.566,9	108,6	62.259,7
País Vasco	25.663,5	8,1	23,0	1,8	21.054,4	6,1	34,1	2,0	4.609,1	121,9	46.717,9
Galicia	25.269,6	8,0	21,1	1,7	20.115,6	5,9	21,2	1,3	5.154,0	125,6	45.385,2
Aragón	14.425,1	4,6	7,7	0,4	12.226,3	3,6	16,8	0,6	2.198,8	118,0	26.651,4
Castela e León	14.844,8	4,7	18,8	0,9	10.414,3	3,0	4,0	0,1	4.430,5	142,5	25.259,1
Murcia	12.152,4	3,8	22,4	0,9	10.906,2	3,2	34,5	1,0	1.246,3	111,4	23.058,6
Castela-A Mancha	9.052,4	2,9	25,9	0,7	11.106,4	3,2	19,6	0,7	-2.054,0	81,5	20.158,8
Navarra	9.497,2	3,0	7,5	0,3	5.672,5	1,7	23,1	0,4	3.824,7	167,4	15.169,7
Asturias	5.187,2	1,6	32,6	0,5	4.641,7	1,4	50,6	0,6	545,5	111,8	9.828,8
Cantabria	2.967,2	0,9	20,4	0,2	2.465,9	0,7	38,5	0,3	501,3	120,3	5.433,0
Canarias	1.912,2	0,6	7,5	0,1	2.704,5	0,8	13,7	0,1	-792,3	70,7	4.616,6
Extremadura	2.386,9	0,8	10,8	0,1	1.914,6	0,6	35,4	0,2	472,3	124,7	4.301,4
Non determinado	2.200,3	0,7	10,2	0,1	1.616,6	0,5	17,1	0,1	583,7	136,1	3.816,8
A Ríoxa	1.840,6	0,6	8,8	0,1	1.380,9	0,4	10,8	0,1	459,7	133,3	3.221,4
Baleares	1.792,9	0,6	11,8	0,1	1.368,7	0,4	37,6	0,1	424,2	131,0	3.161,7
Ceuta	29,8	0,0	107,3	0,0	146,4	0,0	28,6	0,0	-116,6	20,4	176,3
Melilla	17,0	0,0	-7,2	0,0	14,9	0,0	-40,8	0,0	2,1	114,0	32,0

(1) IProv: incidencia provincial na exportación/importación de Galicia (en porcentaxe)

(2) TVA: taxa de variación interanual (respecto a igual período do ano anterior). En porcentaxe.

(3) CProv a TVA de Galicia: contribución provincial á taxa de variación interanual rexistrada por Galicia.

Fonte: Ministerio de Economía e Competitividade, Informe anual da Dirección Territorial de Comercio en Galicia.

1.7.2. Comercio galego con outras comunidades autónomas

Desafortunadamente, non contamos con estatísticas oficiais sobre comercio interrexional en España. O que si temos é a estimación global das exportacións de bens e servizos de Galicia, incluíndo o resto de España. Os datos para o período 2015-2021 aparecen recollidos no cadro 1.43. Como se pode comprobar, 2021 recolle un saldo positivo (5.154 millóns de euros), tras acadar un déficit en 2020 (24,7 millóns), un resultado condicionado pola pandemia da COVID-19. Os datos para 2021 indican un cambio de tendencia.

Cadro 1.43

Exportacións e importacións de bens e servizos en Galicia. 2015-2021

	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021
Exportacións	28.218,7	28.815,2	30.519,0	32.365,4	32.864,4	30.590,5	25.269,6
Importacións	29.079,2	28.588,6	31.179,6	32.049,5	32.767,0	30.615,2	20.115,6
Saldo neto	-860,5	226,6	-660,6	315,9	97,4	-24,7	5154,0

Datos en millóns de euros.

Fonte: IGE, Contas económicas trimestrais.